

SEGURO DEPORTIVO PARA O CURSO 2010-2011

ENTIDADE ASEGURADORA: ASISA

## ÁMBITO DE COBERTURA

Cubriranse os accidentes producidos durante as competicións ou adestramentos sempre que a actividade deportiva se realice no espazo axeitado para a práctica desa actividade e baixo a dirección do adestrador ou persoal técnico cualificado.

Cubriranse os accidentes ocorridos durante os desprazamentos utilizando medios públicos regulares de transporte e con motivo da actividade autorizada.

Tamén se cubrirán os accidentes que sufran os técnicos nos seus desprazamentos, calquera que sexa o transporte utilizado, sempre que sexa desde o lugar da actividade e motivado en razón de técnico e para a actividade deportiva programada.

O ámbito xeográfico de cobertura da póliza será todo o territorio nacional. Cando o deportista teña que saír da Comunidade Autónoma Galega deberá comunicarllo á Secretaría Xeral para o Deporte, onde se facilitará a información necesaria para a asistencia médica.

Tamén cubrirá os accidentes producidos cando un deportista, **con idades comprendidas dentro do ámbito de cobertura**, xogue na categoría inmediatamente superior da mesma entidade.

## ASEGURADOS

Os deportistas, técnicos, adestradores e delegados que participan no programa Xogade e se deran de alta na aplicación [www.deporteescolargalego.org](http://www.deporteescolargalego.org), da web: [www.deportegalego.es](http://www.deportegalego.es)

**Nº PÓLIZA** do Seguro Deportivo XUNTA: **900030**

## NORMAS DE ACTUACIÓN

A asistencia médica garantida na Póliza será prestada polo Centro Médico ou facultativo concertado por ASISA

Para acceder a ela é imprescindible seguir os seguintes **pasos**:

1) Cumprimentación do **“Parte de Accidentes ASISA”- Parte de Lesións-** (facilitado na páxina Web) que deberá ser asinado e selado polo tomador, Club ou Entidade Deportiva correspondente, e o cheque de asistencia (Talón), facilitado polos Servizos Provinciais, Federacións ou Agrupacións Deportivas de Zona.

2) O lesionado debe acudir ao Centro Médico Concertado achegando o **“Parte de Accidentes ASISA”- Parte de Lesións e o Cheque (Talón)** debidamente cumprimentado. (É imprescindible para recibir asistencia que no parte conste o número de identificación do asegurado). **O responsable deberá remitir, antes de 24 horas, vía FAX ou MAIL, o Parte de Accidentes- Parte de Lesións-** á Delegación correspondente de ASISA. A presentación do cheque de asistencia (Talón), deberá realizarse nun prazo máximo de 5 días, no Centro onde recibiu asistencia.

3) Nos casos excepcionais de URXENCIA VITAL, o lesionado poderá recibir a asistencia médica de urxencia no Centro Sanitario da Seguridade Social máis próximo. ASISA farase cargo das facturas derivadas da asistencia de urxencia prestada nas primeiras 24 horas desde a data de ocorrencia do accidente.

Será obrigatorio comunicar o sinistro a ASISA nas delegacións de ASISA en Galicia nas primeiras 24 horas. Para información de centros de cobertura sanitaria poderá chamar o teléfono **GRATUITO 902-010010**. A Aseguradora valorará se queda no centro ou se traslada a un dos centros concertados.

En caso de non avisar nesas 24 horas ASISA non asumirá o pago das facturas derivadas dos servizos prestados, ca correspondente facturación ós pais do deportista por parte da Seguridade Social.

4) En todos os casos o deportista deberá comunicar a súa condición de participante na Competición de XOGADE

## AUTORIZACIÓNS

Necesitarán autorización previa da compañía as seguinte probas e tratamentos:

- Calquera proba de imaxe (TAC, RMN, Ecografías, Gammagrafías, Artroscopias...) exceptuando Radiografías de control.
- Intervencións Quirúrxicas.
- Rehabilitación.

Para solicitar a autorización deberán cubrir un parte de accidentes ou talón, acompañado do informe médico no que conste o tratamento que necesita o deportista, para que ASISA autorice o tratamento ou proba solicitada

Calquera proba ou tratamento realizado sen a autorización previa da compañía correrá por conta do asegurado.

## TRAMITACIÓNS

Ao obxecto de facilitar a mellor prestación posible, ASISA, tratará individualmente a cada lesionado, facilitándolle os profesionais que se estimen máis adecuados para proporcionar a atención sanitaria. Para iso designouse unha persoa de contacto na Compañía para canalizar a tramitación das garantías da póliza.

## CONTACTO NA COMPAÑÍA

Na páxina web atópanse as redes de centros de Asisa por Provincia adxuntando os datos de contacto con dirección, teléfono, fax e correo electrónico para cada zona.

Tras a recepción dos informes médicos, ASISA analizará e determinará a cobertura do sinistro. No suposto de carecer da mesma, informarase inmediatamente ao asegurado, deixando constancia por escrito, e comunicándolle a NON cobertura da asistencia sanitaria prestada como accidente deportivo.